

**10490** *REAL DECRETO LEI 8/1999, do 7 de maio, polo que se modifica o artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueducto Texo-Segura.* («BOE» 112, do 11-5-1999.)

O Plan Hidrolóxico do Xúcar, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, establece que en tanto non se materialicen as reservas establecidas, unha vez satisfeitas tódalas necesidades do sistema do Xúcar, poderán aproveitarse os recursos sobrantes en actuacións xerais de mellora ambiental ou para paliar déficits conxunturais de abastecemento na bacía.

Tal posibilidade esixe, para a súa posta en práctica, modifica-la redacción do artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueducto Texo-Segura, permitindo a utilización das súas infraestructuras, de conformidade cos respectivos plans hidrolóxicos de bacía, para transportar e distribuír recursos das bacías polas que a citada infraestructura transcorre.

Esta alternativa é especialmente urxente nestes momentos, pois a case total carencia de precipitacións que, durante o pasado outono e o actual inverno, está a afectar gran parte da España peninsular, creou unha situación particularmente grave en determinadas áreas, que viron minguadas as súas fontes tradicionais de abastecemento por causa da depresión dos niveis dos acuíferos subterráneos e a drástica diminución das reservas dos encoros. Ante esta situación de extraordinaria e urxente necesidade, resulta necesario acudir ó instrumento de real decreto lei, previsto constitucionalmente.

A reforma prevista, que ampara unicamente a distribución e mailo transporte de recursos hídricos entre dous puntos dentro do mesmo ámbito territorial de planificación hidrolóxica, non modifica as asignacións e reservas existentes nin crea novos dereitos de uso, limitándose a autoriza-la utilización instrumental das infraestructuras hidráulicas do acueducto para os fins citados.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 1999,

DISPÓÑO:

#### Artigo único.

O artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, queda redactado nos seguintes termos:

«Con independencia do establecido nos artigos anteriores, os aproveitamentos con recursos propios da bacía do Segura, do Sur ou do Xúcar, previstos nos seus correspondentes plans hidrolóxicos de bacía, poden beneficiarse da devandita obra para transportar e distribuí-las súas correspondentes dotacións concesionais, entre dous puntos dentro do mesmo ámbito territorial de planificación hidrolóxica, aboando a tarifa de condución de auga que resulte de aplicar, en cada caso, os criterios establecidos no artigo 7.»

#### Disposición adicional primeira.

Calquera uso das infraestructuras do acueducto Texo-Segura ó amparo do previsto no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, queda subordinado ós fins prioritarios fixados na lexislación reguladora do transvasamento Texo-Segura, vixente á entrada en vigor deste real decreto lei.

#### Disposición adicional segunda.

O presente real decreto lei non modifica as asignacións e concesións existentes á súa entrada en vigor, nin crea novos dereitos de uso do recurso, limitándose a súa eficacia xurídica a regula-la posibilidade de transporte de augas cun dereito de uso adquirido conforme os procedementos previstos na lexislación vixente.

#### Disposición derradeira única.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10902** *LEI ORGÁNICA 13/1999, do 14 de maio, de modificación dos artigos 19 e 240 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.* («BOE» 116, do 15-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os tribunais consuetudinarios e tradicionais están recoñecidos na Constitución española de 1978, que, no seu artigo 125, introduce a posibilidade de os cidadáns poderen exercer-la acción popular e participar na Administración de xustiza ante estes tribunais.

En igual sentido se pronuncia a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e nela recoñécese o carácter de tribunal consuetudinario e tradicional do «Tribunal de las Aguas de la Vega Valenciana». Este texto legal data de 1985 e, malia se realizaren diversas modificacións parciais, por diversas razóns, non se introduciu o recoñecemento como tribunal consuetudinario e tradicional ó «Consejo de Hombres Buenos de Murcia», a pesar de que este tribunal ten as súas primeiras referencias no século IX, vén actuando desde aquela ata os nosos días e o Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia establece que a Comunidade Autónoma prestará especial atención ó dereito consuetudinario da Rexión.

Para os efectos de recoñecer legalmente o carácter de tribunal consuetudinario e tradicional do «Consejo de Hombres Buenos de Murcia», modifícase o artigo 19 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Tamén se modifica o artigo 240 da referida lei orgánica, nas súas alíneas 3 e 4, co obxecto de perfecciona-la regulación do incidente de nulidade de actuacións.

#### Artigo primeiro.

Engádese unha nova alínea 4 ó artigo 19 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, coa seguinte redacción:

«4. Recoñéceselle o carácter de tribunal consuetudinario e tradicional ó denominado «Consejo de Hombres Buenos de Murcia».»